

NOTA INFORMATIVA

Hoxe (05.11.2024) publícanse no DOG:

- A Resolución pola que se aproban e fan públicas as relacións provisionais de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo de acceso por **promoción interna** nos corpos de Policía Local de Galicia, escala básica, categoría de oficial (código de procedemento PR461C).
- A Resolución pola que se aproban e fan públicas as relacións provisionais de persoas admitidas e excluídas no proceso de **provisión por mobilidade** nos corpos de Policía Local de Galicia, escala básica, categoría de oficial (código de procedemento PR461H).

A listaxe provisional de persoas admitidas poderá consultarse a través da páxina web oficial da Academia Galega de Seguridade Pública (en diante, Agasp) <http://agasp.xunta.gal>; así como a listaxe de persoas declaradas exentas e non exentas da realización da proba de lingua galega.

Asemade publicase no DOG de hoxe (05.11.2024) a Resolución pola que se declara a **tramitación de urxencia** en ambos procesos (promoción interna e mobilidade), de xeito que as persoas excluídas e as persoas declaradas non exentas da realización da proba de coñecementos da lingua galega dispoñerán dun prazo de **CINCO (5) días hábiles**, así como as que presentando debidamente a solicitude nos citados procesos non consten nin como admitidas nin como excluídas nas listaxes publicadas.

O citado prazo vai desde o **6 ata o 12 de novembro**, ambos inclusive.